Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016, 194 páxs.

Raquel Alonso Parada
Universidade de Estremadura / Instituto da lingua galega (USC)
alondaquel@hotmail.com

Debémoslle a Ramón Mariño e Xavier Varela a publicación deste volume, resultado das investigacións dun grupo de historiadores e lingüistas, no que non só se expón con datos concretos e precisos como se foi producindo o abandono do uso escrito e formal do galego entre os séculos XV e XVI, así como os cambios lingüísticos que se produciron nesa época, senón tamén cal era a realidade política e lingüística da lingua das comunidades veciñas: a portuguesa e a asturiana.

Anselmo López Carreira en "O reino de Galicia no remate da Idade Media" analiza o marco político, económico e social do reino de Galicia dende a primeira unión con Castela en 1230 ata a revolución irmandiña. Nesta análise adquiren gran relevancia os acontecementos relativos á guerra trastamarista e as súas consecuencias negativas para a nobreza condal galega.

Juan M. Carrasco presenta unha síntese dos trazos básicos do portugués desde finais do século XIV ata comezos do XVII en "A lingua portuguesa na fin da Idade Media". Eses trazos serían o resultado dunha serie de mudanzas que configurarán un portugués novo, diferenciado das formas galego-portuguesas. A rápida difusión desas formas innovadoras tería que ver coa rápida evolución da lingua portuguesa. Así, a parte central de Portugal (o centro interior) parece configurarse como un antigo centro innovador que estendería algún dos cambios característicos do portugués ao sur do país. De aí que na actualidade se sitúen as solucións conservadoras no norte e as innovadoras no sur. O autor analiza as dúas hipóteses que hai acerca da constitución do portugués. Unha delas é a que ten que ver coa influencia mozárabe. O portugués non sería unha evolución autónoma a partir da lingua da antiga Gallaecia senón unha conxunción entre a variedade do galaico-portugués e outra variedade igualmente autóctona, a variedade mozárabe meridional. Mais esta hipótese non sería viable porque se observa inadecuación xeográfica e

falta de coincidencia cos trazos da lingua portuguesa. Para o autor é máis acertada a hipótese da influencia francesa, fenómenos como a asimilación de disimilación de ditongos e a substitución de [β] por [v] serían atribuíbles á poboación de orixe francesa. Nesa constitución do portugués moderno tamén influíu no século XV a expansión da lingua derivada da colonización da Madeira ao entrar o portugués en contacto con moitas linguas exóticas que arrequentaron o seu léxico.

Xulio Viejo en "El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística" expón como o avance da castelanización a partir do século XIV propiciou a aparición dunha conciencia lingüística asturiana inexistente, parece, con anterioridade. En efecto, a comezos da Idade Media non consta que houbese unha conciencia metalingüística do asturiano como sucede nos séculos posteriores, pois só se atopan algunhas referencias metalingüísticas con alusións á *lingua nostra* a mediados do século XII. A castelanización lingüística dera un primeiro paso con Fernando IV (1295-1312), de maneira que a aristocracia, o clero e o funcionariado asumiron progresivamente os hábitos cortesás, políticos e culturais castelás. Isto levou a un incremento do uso do castelán na escritura, pero na documentación notarial non se produciu de forma abrupta. A imposición do castelán minguou notablemente o uso oral do asturiano e a partir do século XV xurdirán os primeiros testemuños explícitos dunha conciencia lingüística propia. Carvallo e Marirreguera non reivindican politicamente o asturiano fronte ao castelán, simplemente contemplan a lingua como expoñente simbólico tanto dunha conciencia histórica como dunha realidade social. Por outra parte, o xurdimento tardío da literatura en asturiano parece a consecuencia práctica inmediata deste proceso de autoafirmación lingüística. O novo asturiano que emerxe no XVII caracterízase por acentuar os trazos idiosincráticos, pois daquela xa si había unha vontade expresa de acentuar solucións diferencialistas.

En "Galego-portugués e castelán na Galiza do século XV. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección da catedral de Lugo" Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez sinalan que a substitución do galego polo castelán non se produce, no ámbito da xustiza, ata finais do século XV e comezos do XVI. No seu estudo constatan como a xustiza rexia consolidou o seu modelo lingüístico en castelán, pois de sete sentenzas só unha está en galego-portugués; e para o ámbito civil as cinco sentenzas están redactadas

en castelán. Contrastando estes datos cos da administración eclesiástica, os autores constatan que o proceso castelanizador produciuse máis lentamente na xustiza eclesiástica que na civil, pois unha das dúas sentenzas está en galego-portugués.

Ramón Mariño en "Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século XV" analiza dúas mudanzas lingüísticas operativas no século XV. A primeira é a desnasalización vocálica dos resultados das terminacións latinas –ANES, -ANĬS, -ENES, -ĔNES, -INIS, -ONES, -ŎNOS, -UNES, -UNĬS e –UNOS. A segunda é a das variantes medievais do sufixo galego proveniente do latino –BĬLIS. Dun total de 63 ocorrencias, 61 son de –*vel*. Pero entre 1451 e 1520 son formas minoritarias nos documentos. Por outra banda, a variante –*ble* é minoritaria e tardía, pois este sufixo documéntase despois de 1450 e ligado á prosa notarial. Por outra parte, temos que a primeira mudanza orixínase nas clases sociais baixas, mentres que a segunda é introducida nos documentos pola elite gobernante.

En "A interpolación pronominal no tránsito do galego medieval ao galego moderno" Xosé Manuel Sánchez Rei, logo de facer unha presentación do fenómeno nos séculos XIII e XIV, estuda como a interpolación pronominal continúa documentándose nos séculos XV-XVI, aínda que cunha simplificación de elementos que coincide a grandes trazos coas condicións de próclise nos séculos XVI-XVIII nos casos de intercalación de formas entre o pronome e o verbo.

Lucía Doval Iglesias e Gonzalo Hermo González en "A castelanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media" fan unha aproximación aos procesos de castelanización da toponimia galega na documentación notarial dos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Para iso estudan os rexistros documentais de catro lemas toponímicos extraídos do corpus do TMILG: *Ourense, Outeiro, Souto* e *Soutelo*. Da análise dos datos conclúen que as formas galegas son as maioritarias fronte ás castelanizantes, que son escasas ou anecdóticas. Non será ata finais do século XV cando comece o proceso de castelanización e con el a irrupción das formas toponímcas deturpadas.